

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN  
TU503G - SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECIMENTO DO LITORAL GALEGO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

<input type="text"/>
----------------------

Sendo beneficiaria dunha subvención concedida ao abeiro da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU503G), con código de expediente

PRESENTA

A xustificación do investimento subvencionado de acordo co establecido no artigo 24 das bases reguladoras establecidas na antedita resolución, coa finalidade da percepción dos fondos xustificadas

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo VI: modelo de declaración
- Conta xustificativa consonte os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, integrada pola seguinte documentación:
- A certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, en todo caso.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención.
  - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificado da persoa secretaria do concello de que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público
- Relación e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento elixible realizado e que respondan ao orzamento presentado.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da Alcaldía, sobre que a actuación desenvolvida conta coa autorización ou licenza urbanística ou sectorial tanto municipal como por parte doutros organismos ou administracións públicas en materia de dominio público hidráulico, patrimonio cultural ou estradas, entre outras, ou ben que estas non eran preceptivas.
- Memoria sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizadas, que deberá incluír fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade a súa realización.
- Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.
- Certificado de fin de obra e relación valorada con base no proxecto de execución, asinada por técnico competente, na que se relacionen os materiais empregados, unidades, prezos unitarios e totais.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Turismo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto no artigo 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de